



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A ASOCIACIÓN ÁREA
EMPRESARIAL DO TAMBRE PARA O ESTABLECEMENTO DUN MARCO DE
ACTUACIÓN CONXUNTA EN FAVOR DO DESENVOLVEMENTO DO ESPÍRITO
EMPREENDEDOR NO MARCO DE EDUEMPRENDE**

Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, don, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta, e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei do Parlamento de Galicia 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia e nos Decretos 177//2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutra..... presidente da Asociación Área Empresarial do Tambre, en nome e representación da devandita organización, elixido coma tal na Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 25 de maio de 2011, e continúa a ocupar este cargo, segundo marcan os estatutos.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e en exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas.



EXPOÑEN

1. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades.
2. Que a Asociación Área Empresarial do Tambre, creada pola acta fundacional de data 13 de decembro de 1979 ten entre os seus fins programar, desenvolver e executar accións formativas.
3. Ante o déficit emprendedor en Galicia é necesario crear as condicións para que poidan prosperar as iniciativas e as actividades emprendedoras. Neste senso o Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia Eduemprende aprobado no 2010 ten como obxectivo estratéxico a implantación na comunidade educativa desta cultura emprendedora necesaria para mellorar a competitividade das nosas empresas e a empregabilidade do alumnado galego.
4. Que no Consello Europeo de Lisboa de marzo de 2000, que deu lugar ao programa “Educación e Formación 2010”, se recoñeceu a necesidade do fomento das iniciativas emprendedoras desde o ámbito educativo, así como a necesidade de crear políticas de educación e de formación que fomenten a cultura emprendedora e innovadora como motor da innovación, da competitividade, da creación de emprego e do crecemento económico, no que o fomento do espírito emprendedor se recoñece como unha competencia clave para afrontar os cambios sociais e económicos que se derivan da sociedade do coñecemento. En virtude do exposto e no exercicio das competencias que teñen atribuídas, as partes intervinientes formalizan o presente convenio con base nas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio.

O obxecto deste convenio de colaboración é a colaboración das entidades asinantes para promover e fomentar actividades e iniciativas emprendedoras dentro do marco de Eduemprende, Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia.

Segunda. Compromiso das partes.

As actuacións a desenvolver xirarán en torno a:

A) Os eixes do Plan de emprendemento no sistema educativo de Galicia [Eduemprende](#).

Estes eixes son:

- E1.Sensibilización e motivación. Medidas que cómpre desenvolver para que a comunidade educativa perciba a importancia de construír e fomentar a cultura emprendedora, para recoñecer na súa contorna actitudes e valores emprendedores, favorecendo a súa integración nos centros educativos e creando unha conciencia emprendedora.
- E2.Capacitación emprendedora. Iniciativas que se destinen a mellorar as capacidades en competencias emprendedoras do alumnado e a súa autonomía, a través da información, a orientación e unha formación axeitada para cada nivel educativo. Incídese, así mesmo, na dotación de recursos ao profesorado e na súa capacitación, na procura dunha repercusión final no alumnado.
- E3.Fomento e apoio da empresariedade. Actuacións que se refiren ao apoio ao alumnado con habilidades emprendedoras, para a posta en marcha de proxectos empresariais viables e para a posta en práctica de ideas innovadoras de negocio.
- E4.Coordinación e aproveitamento de iniciativas. Comunicación, investigación, coordinación e posta en valor das actividades que en materia de emprendemento sexan de utilidade para o sistema educativo de Galicia e que teñan un efecto de transversalidade sobre o conxunto de medidas do programa Eduemprende .



B) Calquera outra colaboración que incida favorablemente na empregabilidade do alumnado do sistema educativo de Galicia.

Terceira. Medidas.

Para tal efecto a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e a Asociación Área Empresarial do Tambre (Santiago de Compostela) articularán as medidas que sexan precisas, co fin de favorecer a participación dos centros educativos nas actividades a desenvolver e na utilización de materiais e ferramentas que se elaboren, para conseguir a implantación da cultura emprendedora entre o alumnado e a mellora da empregabilidade.

Cuarta. Accións.

As accións específicas que se vaian desenvolver en cada un destes eixes concretáranse na correspondente Addenda.

Quinta. Gasto.

O presente convenio non supón compromiso de gasto para as partes.

Sexta. Comisión de seguimento e control.

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión que terá como funcións a programación, o seguimento e a avaliación das actuacións derivadas do presente convenio, así como a súa interpretación; en concreto, prestará unha especial atención ao adecuado desenvolvemento das accións que se poñan en marcha como resultado dos acordos alcanzados no seu seo.

Esta comisión estará constituída por:

- Dous/dúas representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Dous/dúas representantes da Asociación Área Empresarial do Tambre



- Un/unha funcionario/a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario.

Esta comisión celebrará as reunións que considere oportunas para promover a realización das actuacións que poidan derivarse do presente convenio e resolver as cuestións que xurdan da súa aplicación.

Sétima. Recollida de datos.

Sempre dentro do marco establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a Asociación Área Empresarial do Tambre poderá recoller datos dos asistentes ás actividades incluídas neste convenio, coa finalidade de xestionar eficazmente o seu desenvolvemento, reportar axeitadamente aos organismos que aportan os fondos do seu financiamento, e informar aos asistentes de novas actuacións do seu interese no futuro. Estes datos tamén poderán ser cedidos á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o axeitado seguimento, control e supervisión das accións incluídas neste convenio.

Oitava. Protección de datos.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da citada Lei orgánica, as persoas que por razón das actividades previstas neste convenio teñan acceso a datos de carácter persoal, non dispoñerán dos mesmos con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Novena. Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso do interesado á administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, (BOE 10-12-2013) de transparencia, acceso á información pública e bo



gobierno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula el Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

Décima. Vixencia do convenio.

O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 decembro de 2019, podendo prorrogarse por acordo das partes mediante a addenda correspondente. Non obstante, o convenio poderá denunciarse por calquera das partes. A denuncia deberá realizarse por escrito e con dous meses de antelación á finalización do convenio ou de calquera das súas prórrogas.

Undécima. Carácter Administrativo.

Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e materias sobre as que o mesmo versa, as cales ao abeiro do disposto no artigo 4.1 e 2, do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o exclúe do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa aplicación e non puidesen ser solucionadas no seo da comisión de seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano na data e lugar indicados ao comezo.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Univeristaria

O presidente da Asociación
Área Empresarial do Tambre

.....

.....